



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coas Consultas sobre contido do Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Santa Comba (Santa Comba, Val do Dubra e A Baña, A Coruña), promovido por Eólica Galenova SL, clave 2010/0207,

EXPÓN:

1. Que, de acordo coa documentación recibida e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto non afectaría directamente a hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo coa documentación recibida e coas categorías contempladas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), o proxecto podería afectar a 5 especies catalogadas como vulnerables (*Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Circus pygargus*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Myotis myotis*).
3. Que, de acordo coa documentación recibida, os infructuosos estudos de campo feitos na zona para a prospección da rapina cincenta *Circus pygargus* realizáronse nunha época do ano ("marzo de 2009") excesivamente temperán tendo en conta a fenoloxía desta especie migratoria en Galicia, con primeiras datas de chegada na última semana de marzo.

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o Estudio de Impacto Ambiental do proxecto de Parque Eólico Santa Comba (Santa Comba, Val do Dubra e A Baña, A Coruña), promovido por Eólica Galenova SL, clave 2010/0207:

1. Avalíe os posibles efectos sinérxicos e acumulativos co Parque Eólico Vilamartiño, do mesmo promotor e situado a menos de 2 km de distancia.
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Chioglossa lusitanica* e *Rana iberica*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Circus pygargus*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Myotis myotis*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de *Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Circus pygargus*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Myotis myotis* que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 12 de xaneiro de 2011